



# Conecta Peme 2018

Axudas para a  
realización de proxectos de I+D+i  
en colaboración entre empresas  
en áreas estratéxicas para Galicia.

## Descrición / Obxectivos

Axudas a agrupacións de empresas para **fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema galego de innovación**, a través do apoio a proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación orientados ao mercado e **aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia**.

## Intensidade da axuda

**Subvención:** Dende un 15% a un 80% de intensidade máxima da axuda sobre o custo subvencionable, en función do tipo de empresa e do tipo de proxecto.

**Orzamento total:** 27.000.000 €

## Beneficiarios



Agrupacións de  
pequenas, medianas  
e grandes empresas

**Organismo xestor:**  
Axencia Galega de Innovación

**Tipo de apoio:**  
Axuda a fondo perdido

**Código do procedemento:**  
IN852A

**Data prevista de publicación  
no DOG:** 08/02/2018

**Prazo de presentación de  
solicitudes:**  
Un mes a partir da  
publicación da convocatoria

**Presentación de solicitudes:**  
sede.xunta.gal

## Máis información:

 [gain.xunta.gal](http://gain.xunta.gal)

 [axudas.gain@xunta.gal](mailto:axudas.gain@xunta.gal)

 881 999 159  
981 957 011  
981 957 303



## Condições dos beneficiarios

- **Agrupacións de empresas**, que poderán ser pequenas, medianas ou grandes, **constituídas como mínimo, por tres empresas non vinculadas entre si**, e como máximo por seis. Na agrupación poderá haber só unha grande empresa coa participación máxima do 25% do orzamento subvencionable total do proxecto. No caso de que na agrupación non participe ningunha pequena empresa, será necesario que, como mínimo, unha destas sexa subcontratada por calquera das empresas da agrupación. Deberá nomearse un líder que será o representante único da agrupación e único interlocutor coa Administración en todo o procedemento.

- **Todos os membros da agrupación deberán levar a cabo as súas actividades en Galicia**, de xeito que deberán ter na Comunidade o seu domicilio social ou algún centro de traballo onde realicen as actividades susceptibles de obter a axuda.

## Condições específicas da axuda

### Condições dos proxectos

Os proxectos de I+D+i subvencionables ao abeiro desta convocatoria estarán en consonancia cos retos contidos na RIS3 Galicia e deberán ter un **orzamento subvencionable mínimo de 500.000 € e un máximo de 1.500.000 €** dividido nas distintas actividades a realizar por cada un dos integrantes da agrupación. **Esixirase unha participación mínima por cada membro da agrupación de 75.000 €**, e o reparto da participación de cada empresa deberá ser equilibrado, non superando en ningún caso a participación dunha única empresa (ou empresas vinculadas) o 65% do orzamento subvencionable total do proxecto.

Debido ao efecto incentivador que establece o Regulamento (UE) nº 651/2014, a data de inicio do proxecto debe ser posterior á de presentación da solicitude da subvención. A estes efectos, considérase como data de presentación a que corresponde á solicitude do líder da agrupación. **A duración mínima da actividade será de dúas anualidades e a máxima estenderase ata o 30 de setembro de 2020.**

### Actividades subvencionables

Son actividades subvencionables a **investigación industrial, o desenvolvemento experimental, a innovación en materia de organización e a innovación en materia de procesos.**

### Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

**A) Custos directos:** aqueles que están directa e inequivocamente relacionados coa actividade subvencionada e cuxo nexa con esta actividade pode demostrarse. Consideraranse custos directos subvencionables os seguintes:

1. Custos de persoal.
2. Custos de equipamento e material instrumental de nova adquisición.
3. Materiais, subministracións e produtos similares.
4. Adquisición de patentes.
5. Servizos tecnolóxicos externos.
6. Subcontratacións.

**B) Custos indirectos:** aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os **gastos administrativos** (tales como xestión administrativa e contable), **gastos de supervisión e control de calidade, subministracións** (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), **seguros, seguridade ou gastos de limpeza.** Poderán alcanzar ata o 10% dos custos de persoal.

## Contía da axuda e pagamento

A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos seleccionados determinarase sobre o investimento subvencionable de cada beneficiario da agrupación e será conforme aos seguintes límites de intensidade:

|   | Pequena empresa | Mediana empresa | Grande empresa |
|---|-----------------|-----------------|----------------|
| Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresas     | 80%             | 75%             | 65%            |
| Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresas | 60%             | 50%             | 40%            |
| Innovación en materia de procesos e organización                      | 50%             | 50%             | 15%            |

O pagamento farase efectivo, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución do proxecto, sen necesidade de achegar ningún tipo de garantías. O pagamento efectuarase a cada un dos membros da agrupación de empresas que participan no proxecto.

## Outras especificacións da convocatoria

Axudas cofinanciadas pola Unión Europea Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 - Unha maneira de facer Europa. Convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.